

**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020**

**RESULTADO DO SEXTO EXERCICIO.-** Reunido o tribunal cualificador o 16 de abril de 2021 para proceder á cualificación do sexto exercicio (proba de coñecemento práctico informática) aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica 4, apartado f), as cualificacións optidas polas persoas aspirantes son as seguintes:

APELIDOS	NOME	NOTAS
LÓPEZ FONTÁN	SANTIAGO NARCISO	2,55
MERA RICO	INÉS	2,55

**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-** A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de Técnico superior de mantemento de espazos públicos, integrada no grupo "A", subgrupo A1, da subescala técnica, clase técnicos superiores, da escala de administración especial, incluída na oferta de emprego público do ano 2020, pola quenda libre, aplicando a base 14ª das bases xerais, é a seguinte:

NOME E APELIDOS	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO	QUINTO	SEXTO	TOTAL
SANTIAGO NARCISO LÓPEZ FONTÁN	6,40	APTO	6,35	2,4	12,40	2,55	<b>30.100</b>
INÉS MERA RICO	4,93	APTA	6,00	2,865	10,60	2,55	<b>26.945</b>

**PROPOSTA DE NOMEAMENTO.-** En consecuencia o Tribunal cualificador eleva á Sra. Concelleira a seguinte proposta de nomeamento por orde de puntuación, proponendo o nomeamento de don **SANTIAGO NARCISO LÓPEZ FONTÁN** para ocupar unha praza de técnico superior de mantemento de espazos públicos da escala de administración especial.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.-** O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na Rúa Michelena número 30 (baixo) e, de forma complementaria na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación cos aspirantes que superaron o sexto exercicio coa cualificación definitiva do proceso e a proposta de nomeamento, requirindo ao opositor proposto para que **no prazo de 20 días naturais**, presente a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª das bases xerais.

**RÉXIME DE RECURSOS.-** Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son neste caso as asignacións de puntuacións do sexto exercicio, (proba de coñecemento práctico informática), ou a proposta de nomeamento, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

A secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica.

